

2. *Anta do Couto do Vale do Cavaleiro*

Esta anta fica localizada num cabeço deste couto, uns 150 m a sul da fonte da Ferrenha, na freguesia de Gáfete.

Está muito destruída (fig. 2). Dela restam apenas as extremidades inferiores de três esteios, todas espetadas ainda no chão. São de granito.

A câmara está atulhada de pedras, que foram carreadas dos terrenos em volta pelos trabalhadores do campo. Cobre-a uma densa vegetação herbácea.

Não há vestígios de corredor. Só a escavação da anta confirmará ou não a sua existência.

Instituto de Antropologia «Dr. Mendes Correia»

Abril de 1973

AGOSTINHO ISIDORO

Naturalista do Instituto de Antropologia

«Dr. Mendes Correia»

Epígrafe romano do Castro de Sabrosa

Foi nos dias cheios de amor ao estudo e rebosantes da proverbial cordialidade portuguesa que tivemos a fortuna de disfrutar no Colóquio de Carbalhelhos, tan armoniosamente dirigido por o gran amigo Dr. Joaquin R. dos Santos Júnior, cando visitamos o Castro de Sabrosa, cimeiro da simpática vila de iste nome no Alto Douro.

O Castro tiña sido escavado nos últimos anos baixo a dirección do ilustre Santos Júnior acompañado do Sr. Joaquin Ervedosa e do Professor primário e Delegado Escolar Manuel Alfredo Sousa Castro Marques, e pódese ver que son verdadeiramente notabres o torreon e demais edificacións descobertas, de cuia estacion arqueolóxica entendo se está elaborando por aqueles distintos investigadores a oportuna memoria.

Entretanto, fóreronse reunindo nun pequeno museu local os objectos descobertos entre os que figura una pedra de gran que contén o epígrafe de que tratamos nesta lixeira nótnula.

A lectura do texto epigráfico presentábase dificultosa, debido a estar rota a pedra, pelo que fun invitado a examinala. Istanas liñas son o resultado de tal exámen.

As informacions sobre das circunstancias do achádego e dimensons varias da pedra e letras fóronnos oferecidas polo Prof. Marques ao que espresamos vivo agradecimento pola sua liberalidade. A fotografía que acompañamos foi-nos enviada pelo Dr. Santos Júnior ao que reiteramos o noso vello e firme afecto polas múltiples atencions con que nos honrou.

En Febreiro de 1971 foi encontrada a pedra por João Soares Esteves nun seu pinal situado na vertente do Castro de Sabrosa e por baixo ou a jusante da Estrada Nacional n.º 323, cando andaba aquél a juntar pedra desmontando muros pra os alicerces de unha casa que ía construir. Inmediatamente o Prof. Marques fixose cargo da pedra e, levada pra o Museu donde se encontra, salvouse pra o estudo.

A pedra está incompreta, pois fáltalhe unha porcion da parte superior, cuia rotura colle parte do epígrafe, e de ahí surxía a dificuldade da sua lectura. Tal como agora se encontra, mede o conxunto unha altura de 66 centímetros; un ancho máximo de 39 centímetros na base e só 36 no surco recto que lle divide a face dianteira onde o epígrafe se mostra, e un grosor de 10 e meio centímetros.

Na pedra son visibres duas partes: a labrada co epígrafe e a sin labra pra ser enterrada en boa porcion.

O epígrafe emprázase nunha das caras anchas da pedra; nun campo rebaixado que mede de ancho 32 centímetros e de altura actualmente 21 e medio centímetros, inda que hai que pensar que lle faltan uns tres ou catro centímetros na banda superior, efecto da expresada rotura. O campo epigráfico está contorneado por un listel que sobresaí 3 centímetros, e que ten un ancho que por unha banda é de 1,80 e por outra de 2,20 centímetros.

Consta o epígrafe de tres liñas (Fig. 1) que din:

D M S O
P V A L II
R I I ANN LX

*D(iis) M(anibus) S(acrum) OP(tacius) VALERII (filii)
ANN(orum) LX [hic jacet].*

Ou seja: Consagrado aos deuses manes. Optacio, filho de Valerio de sesenta anos eiquí jaz.

Primeira liña: Das letras somentes son visibres as liñas inferiores, en pouco mais da metade.



Fig. 1 — Epigrafe funerário romano do Castro de Sabrosa

Segunda liña: A letra *A* presenta un lixeiro travesaño que non chega a atravesar o campo que deixan os dous paus en ángulo que formam a letra. A *E* está representada, como en outras occasions, por duas *H*, a última das que é pouco perceptible.

Terceira liña: As tres letras *ANN* preséntanse enlazadas de xeito confuso. O *L* está formado por dous trazos ligeiramente unidos. No caso en que se pensase que o trazo horizontal non formaba un *L* habería que leer *Ann (orum) X*; mais ficaría dito trazo sen función algunha.

Trátase, pois, de un epígrafe funerário de época romana, procedente da necrópoli castreja, que se utilizou, pasados os anos, na feitura de un muro moderno pra cuia adaptacion houbo de se romper a pedra.

As letras son de tamaño variabre. As mais grandes serían as das siglas D.M.S., que estan incomprendidas. Das conservadas intactas, oscilan entre 6,25 centímetros de altura que ten o *R* na terceira liña, ata os 4,90 centímetros da *N* final da mesma liña. As demais están entre os 5 sen chegar aos 6 centímetros.

FERMIN BOUZA BREY
Santiago de Compostela

Nótulas sobre a Festa dos Reis

A Festa dos Reis, que teve grande nomeada e em muitas terras ainda continua a ter, celebra-se nos dias 6 e 7 de Janeiro.

Como é sobejamente conhecido um grupo de gente moça combina ir pedir os Reis e, depois que anoitece, eles aí vão de porta em porta cantando quadras laudatórias aos donos da casa e das suas pessoas de familia. Muitas vezes as cantigas são acompanhadas por tocata.

Na Quinta de S. Pedro, pequenina aldeia anexa da freguesia de Meirinhos do concelho de Mogadouro, distrito de Bragança, durante muitos anos passei as férias do Natal. Ali temos alguns olivais e amendoeiras.

Era certo e sabido que todos os anos nos vinham cantar os Reis, especialmente na noite do dia 6, isto é, na véspera do dia de Reis.

Com as notas e apontamentos que ia colhendo darei notícia de algumas quadras que ali me cantaram à porta da minha casa.